



**Curso  
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música  
“Cantiga”  
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica  
de Trompeta  
Departamento Vento  
Data: 12 Maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Profesor:  
Anatoli Khibovsky**

## MATERIA DE TROMPETA

Seguindo o indicado no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de TROMPETA para o curso 2019-20:

### ÍNDICE

1. Avaliación, cualificación e mínimos esixibles
2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
3. Información e publicidade

#### 1. Avaliación, cualificación e mínimos esixibles

##### Avaliación

##### Procedementos:

Nas clases semanais (avaliación continua) ou, no seu defecto, probas telemáticas, pódese recuperar ou mellorar a nota da segunda avaliación, acadando os obxectivos e contidos da mesma.

##### Instrumentos:

Pódese acadar automaticamente, a nota da segunda avaliación.

Mediante clases periódicas ou, no seu defecto, probas telemáticas, pódese recuperar ou mellorar dita nota.

##### Cualificación final

A cualificación final do alumnado, nesta situación extraordinaria que nos atopamos, en ningún caso será menor que a obtida na segunda avaliación do presente curso. Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos).

Non se terá en conta nada que non sexa posible facer cos medios dos que dispoña tanto o alumnado coma o profesorado, na situación que nos atopamos.

A cualificación, pódese mellorar en base a os seguintes criterios, sempre con contidos da primeira e segunda avaliación, ampliados ou non:

-A asistencia a clase e actitude manifesta fronte á materia valoraranse ata un 10%.

Desde o punto de vista técnico:

-Postura 15%

-Son 15%

-Memoria 15%

Aspectos musicais:

- Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agóxica) 15%
- Estilo 15%
- Entoación 15%

### **Proba extraordinaria de setembro**

Estará baseada nos obxectivos e contidos das dúas primeiras avaliacións. Emitirá se un informe co que o alumnado debe interpretar en dita proba.

Desde o punto de vista técnico:

- Postura 15%
- Son 15%
- Memoria 15%
- Aspectos musicais:
  - Fraseo (articulación, dinámicas e tempo, xunto ca agóxica) 15%
  - Estilo 15%
  - Entoación 15%

## **MÍNIMOS ESIXIBLES**

### Cursos de todo o grao profesional:

Os mínimos esixibles para estes cursos serán aplicados ao segundo trimestre tal como se refire na temporalización dos contidos. Dita temporalización está reflexada na programación didáctica de trompeta no apartado de “recursos didácticos” en cada un dos cursos.

## **2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

### **☐ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (correo electrónico, Skype, videochamada e/ou aula virtual).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o terceiro trimestre debido á cancelación das mesmas.

## ❓ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na programación didáctica realizarase preferentemente por videochamada ou Skype. Na convocatoria de dita proba indicarse a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.

### **3. Información e publicidade**

#### **Información ao alumnado e ás familias**

Correo electrónico, Skype, teléfono, Whatsup, etc.

#### **Publicidade**

Publicación na páxina web do centro.